



o boletín

O primeiro boletín de información sindical de SSSC. Dende 1988 reivindicando os dereitos das traballadoras e traballadores públicos.

Nesta Edición:

Editorial:

- Persoal Directivo, Persoal Funcionario 1

Novas e denuncias en destaque:

- Contratos veñen e van... 2
- Breves 3

A contra:

- Humor (ou non) 4

Servizos Centrais—Xunta de Galiza

volume 213

setembro 2013

PERSOAL DIRECTIVO = ☺ PERSOAL FUNCIONARIO = ☹

A Xunta está transmitindo unha mensaxe moi clara: "sobra persoal funcionario" e por extensión sobran traballadoras e traballadores públicos. Despois sempre quedan as excepcións, en función da confianza, desde logo. Pero en principio "imos adelgazar a Administración" e, como non, comezamos polos curritos. O que curiosamente non se adelgaza son as privatizacións, as asistencias técnicas, as integracións do persoal dos chiringuitos ou traer directivos da empresa privada, por exemplo.

Sabemos que como traballadoras e traballadores públicos, en xeral, non lles caemos ben, por moito que despois usen a nosa figura para enxugar as súas bágoas en traxedias ferroviarias. Sabemos que non caemos ben porque se tomaron contra nós medidas e se verteron declaracions que nada tiñan que ver co aforro. E isto é así porque molestamos ou podemos molestar e facerlle moito dano: estamos próximos ao poder, vemos e escoitamos cousas e temos certas garantías de estabilidade...

Por iso, día a día nos deixan de lado de diferentes tarefas que encomandan a chiringuitos, asistencias técnicas, empresas privadas, etc. E agora por se fora pouco traen baixo a figura de persoal directivo más xente de fóra, cobrando máis que un subdirector/a, con retribucións adicionais, cunha carreira propia, con finiquitos diferidos e algún que outro sobre soldo.

Só na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galiza (AMTEGA) a Xunta vai gastar 144.664,53 euros ao ano nos tres directivos, isto

sen contar as retribucións variábeis que poden chegar ata o 14% das fixas.

Os tres directivos alleos á Administración traballarán na AMTEGA cobrando 6.000 euros máis ao ano que un/unha subdirector/a xeral.

Fannos afrontar o 2014 cun teito de gasto 25 millóns máis baixo (de onde credes que van recortar?), cun incremento nos 4 últimos anos de 4.500 millóns de € na débeda da Xunta e ainda teñen a cara de desenvolver a figura do persoal directivo, de traer máis xente afin e de poñerlle unhas retribucións desas que son das poucas que poderían soportar esa redución do 10% proposta polo FMI.

E despois sacarán campañas publicitarias animando a emprender e a procrear e do bonito que está todo, desde logo. Pero cando decidan que hai que volverlle facer caso a UE e o FMI, cando se disperse suficientemente en Xibraltar o fume dos seus escándalos de corrupción, entón volverán a súa vista e volverán a carga contra nós.

Pois non, a Xunta non é un couto de caza privado que explotar e onde integrar, contratar ou enchufar aos amigos. A Xunta é a ferramenta para prestar Servizos Públicos á ciudadanía galega e como tal ferramenta debe ser empregada por e para a ciudadanía. E ningún persoal directivo da empresa privada, coas súas magníficas retribucións, vai vir aquí a mellorar o seu funcionamento polo interese xeral coa independencia e profesionalidade que nos é propia ás traballadoras e traballadores públicos.

**VÉNDENNOS
SEN RAZÓN
XUNTA
DE GALICIA**



CONTRATOS VEÑEN E VAN...

Breve recompilación dalgúns contratos administrativos publicados no mes de agosto

A Igrexa e o Opus Dei, privatizacións do pouco que queda da Dependencia, máis campañas publicitarias... A Xunta ten claro en que quere gastar os cartos. Mentre soben as gardarías para adaptalas ao IPC e un 40% os comedores escolares, baixan os salarios públicos (e do resto) para adaptalos ao que pide a troika.

Pasta a esgallo para Igrexa, rehabilitámoslles os seus talleres de lavado de coco con cartos públicos, pintámoslles as fachadas, amañámoslle o telladiño, etc (¹). Que non lle chegan os cartos logo de todo o que lle dá o Estado? Pois dámossle ás monxiñas (probiñas elas que nos levan aos vellos a votar) un contrato en exclusividade de 337.000 € para un centro residencial privado (²), negociado e sen publicidade, por suposto. E para o público recortamos en cueiros para os dependentes. O concepto de caixa única téñeno ben claro.

Segundo co tema da Dependencia, pecharon dúas oficinas en Ferrol e Compostela, ademais de recortar persoal en Vigo, e agora van e adxudican un contrato para a xestión dun servizo de axudas técnicas a persoas dependentes (³). O

que facían antes empregados públicos, fano agora unha empresa privada, esta é a estratexia.

Por se non chegaba, outro contrato máis para facer negocio cos dependentes (⁴), 70.000 € para manter a tres maiores. De seguro que as monxiñas terán un oco onde poder recibilos.

Tamén para actividades formativas hai pasta, non para as dos sindicatos, que xa

sabemos que son os principais culpábeis da crise, senón para as empresas vinculadas ao OPUS DEI como FESÁN. Este verán tocoulles, porque xa levan tempo mamando do erario público, desenvolvemento de accións de formación e divulgación do cooperativismo mediante a teleformación (⁵). Os capitalistas van agora a fomentar o cooperativismo en fin... FESÁN ten levado tamén contratos de escolas infantís, de xestión da acreditación de competencias, formación profesional, fomento do turismo, subvencións a emigrantes, centros de día; ou sexa: valen para todo. Dende que goberna Feijóo xa levan chupado 4,3 millóns de euros.

E como non, a publicidade, o vértice principal da acción política da Xunta. No mes de agosto, publicáronse dous anuncios no DOG dunha campaña de publicidade para que nos conten en que gastan os cartos de Europa que suman case medio millón de euros (⁶). Agora xa non farán paseos marítimos cos cartos da UE pero para facerse ver nos medios de comunicación, o que faga falta e se nolos subvencioná a UE nun 80%, mellor.

Esta é unha liña política que o PP ten moi clara, lembremos por último que estes días, tamén en pleno período vacacional, mentres baixan continuamente os orzamentos en Educación, Sanidade e Servizos Sociais, o goberno central subiu escandalosamente o orzamento en defensa, pola porta de atrás e vía crédito extraordinario metendo un extra de 837 millóns. Igual son para preparar a invasión a Gibraltar...

CONTRATO	DATA PUBLICACIÓN	IMPORTE	ADXUDICADO FINALMENTE POR
⁽¹⁾ Obras de restauración da capela de San Xoán da Catedral de Ourense	02/08/2013	245.140,00 €	-
⁽²⁾ Contrato de servizo para a restauración do Pórtico do Paraíso na catedral de San Martiño de Ourense	20/08/2013	59.380,00 €	52.892,56 €
⁽³⁾ Restauración da pintura mural da igrexa do mosteiro de Santa María de San Clodio de Leiro (Ourense), potencialmente financiable polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FONDO) no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013	21/08/2013	53.719,01 €	41.095,04 €
⁽⁴⁾ CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PARA A RESERVA E OCUPACIÓN DE PRAZAS NO SERVIZO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL E DIURNA TERAPÉUTICA-OCUPACIONAL, PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELIXUAL, COA ENTIDADE COMPAÑÍA DAS FILIAS DA CARIDADE DE SAN VICENTE PAÚL, NA ÁREA URBANA DE LUGO, MEDIANTE A MODALIDADE DE CONCERTO, POLO PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E POR EXCLUSIVIDADE (EXpte PN 56-2012)	22/08/2013	-	337.618,85 €
⁽⁵⁾ CONTRATACIÓN DUN SERVIZO PARA A CREACIÓN DUN SERVIZO DE INFORMACIÓN E O DISEÑO E IMPLANTACIÓN DUN PORTAL PARA A XESTIÓN DUN SERVIZO DE PRÉSTAMO DE AXUDAS TÉCNICAS Á PERSOAS DEPENDENTES.(EXpte PN 36/2013)	21/08/2013	45.620,00 €	32.750,00 €
⁽⁶⁾ CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO, NA MODALIDADE DE CONCERTO, PARA A RESERVA E OCUPACIÓN DE PRAZAS DE ATENCIÓN RESIDENCIAL PARA PERSOAS MAIORES EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA, NA ÁREA SOCIAL 2 DO MAPA GALEGO DE SERVIZOS SOCIAIS (EXpte PN 84-2013)	22/08/2013	70.244,88 €	-
⁽⁷⁾ DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE FORMACIÓN E DIVULGACIÓN DO COOPERATIVISMO MEDIANTE A TELEFORMACIÓN	14/08/2013	47.438,02 €	28.937,19 €
⁽⁸⁾ Desenvolvemento de dúas campañas de publicidade O programa operativo Fondo Social Europeo (FSE) e Feder Galicia 2007-2013	06/08/2013	371.880,82 €	-

IMPORTESEN IVE

BREVES

CONSULTA TODAS AS NOVAS DA CIG-AUTONÓMICA EN:

http://autonomica.cigadmon.org/NOVO_WEB!!!**CONCURSO DE TRASLADOS**

Corpos xerais: En **setembro** deberán sacar a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Agora ben, ficamos sen estimación de resolución e remiten ás bases da convocatoria: "6 meses desde a publicación das listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas", o cal ponmos no 2014.

En fin, xa está ben, o dos concursos na Xunta xa cheira. Despois de anos e anos, trala informatización e ainda seguimos igual: Imprevisión na resolución, irregularidade nas convocatorias, atrasos... Cómprase mirar cara Educación e preguntar por que hai concursos todos os anos e leva unha precisión milimétrica cando o persoal docente é moito maior que o persoal funcionario de corpos xerais. Esiximos **vontade política** neste tema e que se dote dos recursos suficientes a Función Pública para que poida convocar e resolver os concursos como corresponde.

Corpos especiais: En setembro tocarále enfrentarse á Comisión de baremación coas reclamacións. Agardamos información máis precisa dos prazos en función do número e complexidade das reclamacións. É moi probable que se resolva antes de rematar o ano.

Escalas de Finanzas: Convocado no DOG do 7 de agosto. Prazo para presentar solicitude ata o **5 de setembro**. Ollo que coma no concurso de Informática, e como hai intención de facer en todos a partir de agora, **do 16 ao 26 de setembro** ábrese un 2º prazo para solicitar as prazas concretas de **fase de resultados**.

PROCESOS SELECTIVOS

Escalas: A realización do **1º exercicio non será antes do 1 de novembro**. Teñen intención de, a partir desa data, ir programando os diferentes primeiros exercicios das convocatorias que se estenderían desde finais de 2013 ao 1º trimestre de 2014. Últimos procesos convocados (ver cadro).

Nº prazas ofertadas	P.I.	Libre	Discap.*	Consol.	Total	Grupo	convocatoria DOG	Prazo presentación solicitudes
Estatística	2	1	1	1	5	A1	24/07/2013	PECHADO
Finanzas	2	4	1	0	7		24/07/2013	PECHADO
Enx. Téc. Agrícola	6	5	1	0	12	A2	24/07/2013	PECHADO
Finanzas	2	4	1	0	7		24/07/2013	PECHADO
Axentes Fac. MedioAmbientais	5	14	1	0	20	C1	Prevista para outubro	Pendente de convocatoria
Delineación	3	2	1	0	6		24/07/2013	PECHADO

Promoción interna (corpos xerais): o director xeral leva mareando a perdiz co seu compromiso coa promoción interna desde aló por 2011 cando se publicaron as convocatorias libres de corpos xerais da OPE 2009. Logo tomaron a decisión política de acumular as ofertas e tamén tomaron a decisión política de convocar primeiro todo o anterior e deixar esta convocatoria para finais de ano. A Promoción Interna é moi agardada por moitas e moitos de nós, non só como lexítimo derecho da promoción profesional senón como único xeito (xunto cos esporádicos concursos) de compensar as continuas perdas de poder adquisitivo destes anos. Hai xente que leva moi dñeiro e tempo investido crendo as palabras do director. Basta xa de rirse de nós!. Despois de todo o que nos levan agredido máis lle vale que realmente a convocatoria sexa a finais de ano...

NORMATIVA APLICABLE AO PERSOAL

Decreto de Integración de Industria: Complementario do Decreto de integración "marco" do 2012 e propugna a integración á carta do persoal de certos chiringuitos. Publicado no DOG do 14/08/2013 e a bo seguro xa teñen claro as persoas de confianza que acabarán en postos de Xunta "temporalmente" e as que acabarán como persoal fixo da Xunta de xeito permanente.

Desde a lóxica de pensamento dos nosos dirixentes non era que aquí (na Xunta) sobraban traballadores?... ou é que o que sobran son os traballadores que eles non poden designar a dedo? Só así se entende o SI para as asistencias técnicas, para o persoal directivo e ou para a integración do persoal dos chiringuitos fronte ao NON ás empregadas e empregados públicos.

Instruccións de permisos, vacacións e licenzas: A principios de xullo asinouse o acordo do Comité Intercentros coa Administración para poder aplicar ao persoal laboral as melloras que as instruccións publicadas DOG desde o 20 de marzo recolle para o persoal funcional. Entre outros, no 2014, ao coincidir 2 festivos "nacionais" en sábado, disporemos de 2 días adicionais de asuntos propios.

En setembro terán totalmente implantado o *Kronos* nos Servizos Centrais (rematarán por Sanidade) pero non será ata xaneiro de 2014 cando estea dispoñible a solicitude **telemática de permisos, vacacións e licenzas**. Para daquela acabariase co de ir mendigando de despacho en despacho as sinaturas na solicitude e mesmo coa presentación en papel dos xustificantes.

Orde de xornada laboral, flexibilización e teletraballo: en setembro retómase a negociación. Haberá cambios respecto a última versión en canto a que será posible facer unha flexibilización automática (sen autorización previa). Exclúese ao persoal con disponibilidade horaria. Falta por definir o período de compensación, o de presenza obrigada... Puxemos enriba da mesa a orde na Administración de Xustiza galega que inclúe melloras como a compensación mensual ou a bolsa de horas da que tirar para compensar dun mes para outro ou mesmo trocar o exceso de horas por días de libranza.

RPTs

Medio Rural Mar: non era sen tempo publicase esta RPT no **DOG 02/08/2013**. Iso si, moitísimas amortizacións de vacantes (ata 150) mentres seguen mantendo a TRAGSA facendo o noso traballo... e moitísimas creacións, si, pero de LDs ou por sentenza xudicial (ata 75) e polo gasto ocasionado por estas sentenzas aquí non responde nin dimite ninguén. **Industria:** cambio significativo desde a primeira proposta co exceso como mérito da licenciatura en Dereito en corpos xerais ata nos postos abertos ao subgrupo C1 e deron marcha atrás na idea de crear unha 2ª asesoría xurídica nunha consellaría tan pequena; mantivéronse nas amortizacións de postos base e nos concursos específicos como sistema de provisión; crean outras 5 prazas de sentenzas das que ninguén se fai responsable, aínda por riba sen executalas correctamente. **Presidencia:** aquí si que nin sequera cambiaron nada; como no caso anterior recortan por abaxo por criterios económicos, eses mesmos que non valen de igual xeito para racionalizar por arriba a estrutura piramidal invertida que temos na Xunta. **Educación:** o único contrapunto con varias creacións de postos base de persoal funcional en varios centros de ensino. **Estas 3 RPTs están pendentes de publicación no DOG.**

HUMOR OU NON

FUNCIONARIO, FAITE EMPRENDEDOR

Farto de recortes salariais e de dereitos laborais?

Farto de ver como non se respectan os procedementos legais para así poder dar contratos ás empresas amigas?

A Xunta non está feita para ti, para facer o teu traballo xa están as asistencias técnicas, os chiringuitos e todo o entramado da administración paralela e o persoal directivo para levar as rendas da Xunta...



**NON O PENSES MÁIS...
SÉNTESTE DESAPROVEITADO?
FAITE
EMPRENDEDOR!!!**

**Crea unha empresa e
traballa para a Xunta.
É o teu futuro!
A que estás agardando?**



CONTACTA CONNOSCO:

SAN CAETANO

Tel. 981 545 909 / 985 / 987

Fax 981 54 59 91

SAN LÁZARO

Tel. 881 99 72 90

[http://facebook.com/
CIGSanCaetano](http://facebook.com/CIGSanCaetano)

Novo WEB,
agora tamén desde intranet:
<http://autonomica.cigadmon.org>

CIG
CONFEDERACIÓN
INTERSINDICAL GALEGA
AUTONÓMICA

O goberno galego prepara unha liña de axudas destinada ao colectivos de empregadas e empregados públicos que se convertan en emprendedores onde poderás recibir unha pequena parte de todo o que suman os recortes salariais destes últimos anos (o 5% do 2010, a extra do 2012 e o específico do 2013...).

Naturalmente, estes importes, nin de coña, se van actualizar co IPC.

Solicita canto antes a túa renuncia á condición de funcionario no teu departamento de persoal correspondente. En breve disporemos dun servizo externalizado que tramitará a teu despedimento e que se fará efectivo na maior brevidade posible.

Outros xa o conseguiron, grandes emprendedores que anteriormente eran simples funcionarios coma ti, agora están trunfando como letristas de Georgie Dann, como alcalde da Coruña, cunha empresa de servizo de mangueiras contra-incendios de Armani, como presidente da Xunta ou, sen ir máis lonxe, como instalador de ascensores nas pallozas do rural galego...

